



## **ASEMBLEA CONSTITUÍNTE DO ÓRGANO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO PROXECTO URBANA SANTIAGO NORTE**

En Santiago de Compostela ás 19,00 horas do día 26 de marzo de 2010, no Pazo de Raxoi, reúnen os/as representantes da entidades que forman parte do Órgano de Participación Cidadá do Proxecto Urbana Santiago Norte, asistindo as seguintes persoas:

Pola Asociación de Veciños "A Xuntanza" : Mercedes Vázquez Bertomeu.

Pola Asociación de Veciños Ponte Romaño-San Xoán de Afora: Juan Luís Pena Quintáns.

Pola Asociación Plataforma polo Emprego: Miguel Fernández Blanco.

Pola Confederación Galega de Persoas con discapacidade: Anxo Queiruga Vila.

Pola UGT-Compostela: Ricardo Turnes Mejuto

Pola CIG-Confederación Intersindical Galega: Renato Nuñez Da Silva.

En calidade de presidente asiste Xosé A. Sánchez Bugallo, e en representación da Comisión de Seguimento do Proxecto Urbana Santiago Norte: Socorro García Conde e Bernardino Rama Seoane.

Asiste como asesor e secretario Fernando Martínez Gómez, coordinador do Proxecto Urbana Santiago Norte.

Esta primeira reunión do Órgano de Participación do proxecto ten o carácter de asemblea constituínte. O Órgano constitúese ao estar presentes representantes de todas as entidades que forman parte do mesmo.

A continuación faise unha breve descrición do contido das normas de funcionamento do citado Órgano, dándose conformidade ás mesmas por parte dos presentes.

Para finalizar descríbese brevemente o estado de execución das actuacións e cales son as previstas para o ano 2010. Como aspecto concreto a concelleira de Centros Socioculturais Socorro García Conde expón que na actualidade non existen parcelas dispoñibles no barrio da Almaciga para iniciar o centro cívico previsto inicialmente no Proxecto. A concelleira suxire a posibilidade de construír o centro noutro barrio dentro do ámbito de actuación do proxecto.

Tras esta exposición os participantes no órgano intercambian impresións sobre o tema chegando á conclusión que é preciso reforzar ou anticipar as actuacións previstas na Almaciga para tratar de compensar o cambio na ubicación do centro cívico. Acordase facer unha reunión previa cos veciños da Almaciga para informalos do cambio de ubicación do centro.

O presidente empra para a seguinte reunión no vindeiro mes de xuño de 2010.